

XIII CAMPIONATO DE GALICIA DE MILLA EN RUTA

A Federación Galega de Atletismo e as Escolas Deportivas Lourenzá organizan, co patrocinio do **Concello de Lourenzá**, a **V Milla Lourenzá Fin de Etapa Camiño Norte** que terá lugar o sábado 25 de xuño de 2022, a partir das 16:30 horas, na Praza Conde Santo de Lourenzá, sendo a mesma **XIII Campionato de Galicia de milla en ruta e de 1000m**.

Paralelamente celebraranse varias carreiras populares nas diferentes distancias establecidas no presente regulamento. Os circuitos estarán homologados na distancia de 1 km e milla pola **Real Federación Española de Atletismo** (agás categoría sub 8).

As probas rexiranse polo seguinte:

REGULAMENTO

1. PARTICIPANTES

Atletas Federados dende categoría sub-10 ata categoría Máster. Populares para sub-8 e Milla popular absoluta e Másters feminina e masculina.

2. CATEGORÍAS DAS PROBAS POPULARES

CATEGORIA	ANOS	SEXO
SUB 8	2015 e posteriores	H / M
SENIOR	De 1999 ate máster	H / M
MASTER 1	De 35 a 45 anos cumpridos o día da proba	H / M
MASTER 2	De 46 anos cumpridos o día da proba e superiores	H / M

AS CATEGORÍAS DO CAMPIONATO DE GALICIA REXIRANSE POLO RECOLLIDO NA CIRCULAR DO CAMPIONATO DE GALICIA QUE PODES CONSULTAR: Circular 76-2022

3. INSCRICIÓNS, PRAZO e PREZO

✚ **CAMPIONATOS DE GALICIA DE MILLA EN RUTA:** a través da plataforma <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 20:00 horas do martes anterior á competición.

✚ **MILLA POPULAR (Sen, M1 e M2) e CATEGORÍAS ESCOLARES (Sub 8):** a través da páxina web www.carreirasgalegas.com ata as 23:59 horas do mércores 22 de xuño do 2022.

Só poderán acceder á premiación popular os/as atletas que se inscriban na carreira popular.

PREZOS

- MILLAS POPULARES MASCULINA e FEMININA

5,00 €

- SUB-8 e CAMPIONATOS DE GALICIA

GRATUITO

V MILLA POPULAR LOURENZÁ FIN DE ETAPA

4. HORARIOS (Poderán ser modificados segundo o número de inscritos/as no campionato)

HORARIO	DISTANCIA	PROBA
16:40	250m	Categoría Sub 8 popular non competitiva
16:50	1000m	Categoría Sub 10 masculino e feminino
17:00	1000m	Categoría Sub 12 masculino e feminino
17:10	1000m	Categoría Sub 14 masculino
17:20	1000m	Categoría Sub 14 feminino
17:30	1000m	Categoría Sub 16 masculino
17:40	1000m	Categoría Sub 16 feminino
18:00	ENTREGA DE PREMIOS CATEGORÍAS MENORES 1 KM EN RUTA	
18:20	1609m	Cto Galicia Milla Máster masculino (M 45 e superior)
18:35	1609m	Cto Galicia Milla Sub-18 masculino
18:50	1609m	Milla popular masculina e feminina
19:05	1609m	Cto Galicia Absoluto de Milla feminino (Sub-18-20-23 e Máster)
19:20	1609m	Cto Galicia Absoluto de Milla masculino
19:40	ENTREGA DE PREMIOS PREMIACIÓN CTO DE GALICIA DE MILLA EN RUTA E POPULAR	

5. PREMIOS

- ✓ Medallas aos 3 primeiros/as clasificados/as da milla popular masculina, feminina absoluta, máster 1 e 2.
- ✓ Medallas aos 3 primeiros/as clasificados/as de cada Campionato de Galicia segundo o establecido na circular do campionato ->
- ✓ A carreira sub-8 non será competitiva, non se farán clasificacións.

6. APARCADOIROS, DUCHAS E VESTIARIOS

- Aparcadoiros: Disporase dunha ampla zona de aparcadoiros no centro da vila.
- Duchas: No Pavillón Municipal de Lourenzá.
- Gardarroupa: Na Biblioteca municipal dende as 15h ata as 21:00 horas.

7. ENTREGA DE DORSAIS E CÁMARA DE CHAMADAS

Os dorsais entregaranse no lugar de saída das probas (Prazado Concello) ata 30' antes do inicio de cada proba.

Os participantes nos campionatos de Galicia de Milla en ruta terán que acreditarse na Cámara de Chamadas 15' antes do comezo da súa proba.

8. OUTRAS CONSIDERACIÓNS REGULAMENTARIAS

Todo o non recollido no presente regulamento rexirase polo regulamento da FGA e RFEA en vigor para probas en ruta.

Circular dos Campionatos de Galician web: Circular 76-2022

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal e como establece a ley

V MILLA POPULAR LOURENZÁ FIN DE ETAPA

de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13 - 15008 A Coruña.

Todo participante polo xeito de inscribirse permite que as imaxes, vídeos e entrevistas realizadas pola organización poidan publicarse nas rrss e páxinas webs oficiais.

OUTRAS DISPOSICIÓNS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

ASISTENCIA MÉDICA: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifieste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase da cordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e WA en vigor.

LOPD: Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.